

materia

Introducción á Contabilidade

unidade didáctica 4

0 ciclo contable

Luís Ignacio Rodríguez Gil

Departamento de Economía Financeira e Contabilidade
Facultade Ciencias Económicas e Empresariais



VICERREITORÍA DE ESTUDANTES,
CULTURA E FORMACIÓN CONTINUA

titulación

Grao en Administración e Dirección de Empresa



unidade didáctica 4

0 ciclo contable

Luís Ignacio Rodríguez Gil

Departamento de Economía Financeira e Contabilidade
Facultade Ciencias Económicas e Empresariais



© Universidade de Santiago de Compostela, 2013



Esta obra atópase baixo unha licenza Creative Commons BY-NC-SA 3.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-SA 3.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón: <http://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/3.0/es/legalcode.g>

Deseño
Unidixital
Servizo de Edición Dixital
da Universidade de Santiago de Compostela

Edita
Vicerreitoría de Estudantes,
Cultura e Formación Continua
da Universidade de Santiago de Compostela
Servizo de Publicacións
da Universidade de Santiago de Compostela

Imprime
Unidixital
Dep. Legal: C 45 - 2013
ISBN 978-84-9887-968-1

ADVERTENCIA LEGAL: reservados todos os dereitos. Queda prohibida a duplicación, total ou parcial desta obra, en calquera forma ou por calquera medio (elec-trónico, mecánico, gravación, fotocopia ou outros) sen consentimento expreso por escrito dos editores.

MATERIA: Introducción a contabilidade

TITULACIÓN: Grao en Administración e Dirección de Empresas

PROGRAMA XERAL DO CURSO

Localización da presente unidade didáctica

Unidade I. A contabilidade e o seu contorno

Unidade II O patrimonio empresarial e a súa representación. Estados financeiros periódicos

Unidade III. O método contable

Unidade IV. O ciclo contable

Apertura

Desenvolvemento

Cerre ou peche

Libros de contabilidade

Unidade V. Aspectos básicos da normalización contable

Unidade VI. O activo non corrente

Unidade VII. As existencias

Unidade VIII. Disponibilidades líquidas e contas a cobrar

Unidade IX. Recursos alleos

Unidade X. O patrimonio neto

Unidade XI. O resultado: gastos e ingresos

Unidade XII Os estados contables

ÍNDICE

| | |
|---|----|
| Presentación..... | 7 |
| Os obxectivos | 7 |
| A metodoloxía..... | 8 |
| Os contidos básicos | 9 |
| 1 Apertura..... | 10 |
| 1.1 O inventario | 10 |
| 1.2 Asento de apertura | 11 |
| 2 Desenvolvemento..... | 11 |
| 3 Peche ou cerre | 12 |
| 4 Libros de contabilidade | 16 |
| 4.1 Libro diario (ver anexo 2)..... | 17 |
| 4.2 Libro maior (ver anexo3) | 17 |
| 4.3 Libro de inventario e contas anuais..... | 17 |
| Actividades propostas | 18 |
| Avaliación da unidade didáctica | 18 |
| Anexos..... | 19 |
| Bibliografía..... | 20 |

PRESENTACIÓN

A contabilidade encárgase de estudar, medir, rexistrar e comunicar determinados feitos económicos, co fin de que resulte útil na toma de decisión e control os distintos axentes económicos (administración pública, entidades financeiras, clientes, provedores, investidores, xestores, propietarios, etc.). Para cumprir este cometido e comunicar a información contable é requisito imprescindible elaborar previamente a mesma que será publicada periodicamente a través dos estados contables (balance, conta de resultados, estado de cambios no patrimonio neto, estado de fluxos de efectivo e memoria). As necesidades informativas dos diferentes usuarios xustifican a fragmentación da vida económica da empresa en exercicios económicos. En consecuencia, as entidades presentan información económica periódica referida aos exercicios económicos.

Non todos os alumnos de primeiro curso do grao contan con coñecementos en materia contable. En consecuencia, a materia está dirixida especialmente aos que se inicien na formación contable, móstrase como identificar e valorar os distintos elementos que integran o patrimonio da empresa, asimíllase o método contable, estúdanse detalladamente todas e cada unha das etapas do ciclo contable, e unha vez introducido o concepto de normalización contable e os sistemas existentes, analízase o marco xurídico da contabilidade en España, prestando unha especial atención ao Plan Xeral de Contabilidade que entrou en vigor en xaneiro do 2008.

Esta unidade é importante para a formación do alumno ao permitirlle comprender o funcionamento contable dunha empresa, ao tempo que resulta necesaria para o correcto desenvolvemento das unidades posteriores, así como de todas as materias contables posteriores. En canto á duración, está deseñada para ser desenvolvida nunhas 5-6 horas entre expositivas e interactivas.

OS OBXECTIVOS

En canto aos obxectivos xerais, o programa da materia pretende ofrecerlle ao alumno unha visión xeral sobre a contabilidade financeira empresarial, cales son os seus obxectivos e tamén saber cómo se obtén e elabora a información contable. Preténdese que os alumnos que cursen esta materia poidan:

- identificar e informar dos feitos económicos máis relevantes con incidencia patrimonial que relacionan a empresa co seu ámbito;
- definir e analizar os conceptos fundamentais de Activo, Pasivo, Patrimonio Neto e Resultado Contable;
- coñecer e saber aplicar o Método da Partida Dobre como fundamento básico da Contabilidade;
- utilizar os instrumentos contables conceptuais e materiais necesarios para desenvolver a Contabilidade;
- analizar o ciclo contable e a problemática que poden formular as distintas operacións que aparecen en cada fase do ciclo;

- destacar a importancia da normalización contable e aprender a utilizar correctamente o Plan Xeral de Contabilidade;

Como obxectivos específicos propoñémonos que ó rematar a unidade didáctica o alumno/a será capaz de:

- comprender o significado de "feito contable";
- entender o método seguido pola contabilidade financeira para o tratamento dos feitos contables que son recoñecidos de acordo con un procedemento sistemático;
- comprender o método da partida dobre, así como o principio de dualidade no que este se fundamenta;
- entender o funcionamento do método contable como fonte de descrición e de análise dos feitos económicos que xeran feitos contables;
- comprender con maior precisión cómo a ecuación contable, vista na unidade anterior, describe o equilibrio entre a inversión na empresa e as fontes de financiamento;
- aplicar o método indicado para o desenvolvemento da contabilidade financeira, en liña cos procedementos que están presentes no Plan Xeral Contable.

Como obxectivos específicos propoñémonos que ó rematar a unidade didáctica o alumno/a será capaz de:

- coñecer a orde cronolóxica seguida na realización do ciclo contable e a razón desta secuenciación;
- distinguir os diferentes documentos e estados contables que han de elaborarse nas distintas fases do ciclo contable;
- pechar e abrir a contabilidade dun período económico cos asentos correspondentes e realizar a apertura dos libros contables;
- realizar o proceso de regularización, coa correspondente análise do saldo da conta de perdas e ganancias;
- saber recoñecer as operacións non formalizadas, periodificar ingresos e gastos e rexistrar as correccións valorativas;
- realizar o peche da contabilidade, co Balance de situación e o inventario de existencias;
- analizar os principais libros que se utilizan para o rexistro contable das operacións.
- reflectir contablemente as transaccións económicas básicas dunha empresa no Diario;
- realizar os rexistros no Maior dunha serie continuada de operacións;
- realizar correctamente o Balance de comprobación de sumas e saldos.

A METODOLOXÍA

A metodoloxía que se vai empregar será semellante para as cinco primeiras unidades didácticas por conter unha gran cantidade de conceptos teóricos especificamente contables e novos para os alumnos. De forma xeral e moi resumida consistirá en expoñer e dar a coñecer os conceptos teóricos e legais nas horas expositivas, reforzar, asentir, debater e levar a práctica

estes conceptos nas horas interactivas a través de exemplos e de exercicios prácticos.

Xa máis en concreto e para esta unidade didáctica, desenvolverase en sesións na aula, dedicadas a clases expositivas, que teñen por obxectivo introducir e explicar os conceptos básicos de cada tema do programa, mediante lección maxistral proxectando na aula unha presentación, tamén se compaxinará con exemplos prácticos para reforzar a aprendizaxe dos distintos aspectos teóricos vistos. O alumno terá con tempo previo, o material audiovisual que se use na exposición. Neste sentido, proporcionarase a información necesaria para permitir o desenvolvemento axeitado do proceso de aprendizaxe autónomo, mediante a utilización da plataforma virtual da USC.

Por outra banda, nas sesións interactivas dedicarase á resolución na aula de diferentes casos prácticos e exercicios, á discusión de solucións doutros exercicios propostos para resolver na casa e ó debate ou discusión técnica sobre cuestións diversas. Previamente, os alumnos terán os enunciados dos problemas que se deben resolver e a información necesaria para a preparación das cuestións que se van discutir, para este fin, como xa se comentou, utilizarase a plataforma virtual da USC.

Xa por último, os alumnos poderán asistir ás titorías para resolver os problemas que poidan xurdir onde se procederá a tratar individual e persoalmente as posibles dúbidas que puidesen xurdir, posibilitando a correcta asimilación da materia impartida por todos e cada un dos alumnos. Con isto preténdese facer un seguimento do proceso de aprendizaxe do alumno.

OS CONTIDOS BÁSICOS


De acordo co que xa vimos, en torno a empresa existen múltiples usuarios (cada un deles cos seus interese particulares) que requiren información. A forma máis precisa sería esperar a que a empresa concluíse definitivamente a súa actividade, aínda que isto non sería operativo e non sería admitido por ditos usuarios. Entón, as necesidades informativas dos diferentes usuarios xustifican a fragmentación das actividades empresariais en exercicios económicos. Máis concretamente entre os motivos que aconsellan esta fragmentación das actividades empresariais en exercicios económicos de un ano de duración (normalmente o período que vai dende o 1 de xaneiro o 31 de decembro) son:

- necesidade de calcular anualmente o resultado económico da actividade;
- coñecer a situación da empresa, a través da análise financeira, patrimonial e do resultado;
- cumprir coas obrigas fiscais e mercantís.

O ciclo contable é un proceso regular, ordenado e continuado que ten lugar na contabilidade das empresas en cada exercicio económico, que permite mostrar a situación da empresa e o resultado obtido no período. Polo tanto, implica a realización dunha serie de operacións que se repiten

sistematicamente en cada exercicio económico. Ditas operacións agrúpanse nas seguintes etapas: apertura, desenvolvemento e peche ou cierre.

De forma esquemática poderíase representar da seguinte forma:



1 Apertura

Esta primeira etapa do ciclo contable realízase ao comezo da actividade da empresa, así como o principio de cada exercicio económico, e consiste na realización dos seguintes procesos:

- realización do inventario, mediante o cal, a empresa identifica cal é o seu patrimonio nesa fecha concreta (bens, dereitos, e obrigas), procedendo o seu detalle e valoración en unidades monetarias;
- apertura dos libros, a través do asento de apertura, que consiste na anotación no libro diario e o seu posterior traspaso o libro maior.

A apertura pode formularse baixo dous supostos, un a empresa inicia a súa contabilidade por vez primeira, outro, comeza o ciclo contable dun exercicio tras unha actividade que xa veu desenvolvendo durante varios exercicios precedentes. Neste caso, os datos con que conclúe e se pecha un exercicio son, á súa vez, os datos e as cifras con que se inicia o exercicio seguinte.

1.1 O inventario

É un instrumento de control. O inventario inicial relaciona os elementos cos que comeza a actividade a empresa. O inventario final ten lugar cando finaliza o ciclo contable que lóxicamente será o inicial do exercicio seguinte.

A súa realización require os seguintes pasos:

- identificar os bens dereitos e obrigas que compoñen o patrimonio empresarial;
- clasificalos por grupos homoxéneos;
- asinarlles unha valoración.

O inventario obtido mediante o proceso anterior quedará rexistrado no libro de inventarios e contas anuais, onde se redactará conforme a seguinte estrutura:

- encabezado, no que consta o nome da empresa e a fecha de realización;
- corpo, onde se relacionan os distintos elementos patrimoniais debidamente clasificados e valorados.
- pé, onde se determina o patrimonio por diferenza entre activo total e pasivo total.

1.2 Asento de apertura

Realízase o primeiro día do exercicio contable, e recolle a información do asento de cerre do período contable anterior, que debe coincidir co inventario, dando desta forma unha continuidade dun exercicio a outro, ou ben o día en que se crea a empresa, quedando así rexistradas no libro diario as contas que a esa fecha teñen saldo debedor ou acredor. O asento de apertura terá a seguinte forma:

| | | |
|---|---|--|
| Contas con saldo debedor, xeralmente de activo | a | Contas con saldo acredor, xeralmente de pasivo e neto □ |
|---|---|--|

Detállanse todas as contas que aparecen no inventario, cos mesmos títulos e valores. O asento indicado presentará en todas e cada unha das súas contas os mesmos saldos que aparecen no asento de peche do exercicio anterior.

2 Desenvolvemento

A fase de desenvolvemento corresponde á contabilización das operacións que teñen lugar durante o exercicio. Os feitos contables rexístranse mediante asentos no libro diario, trasládanse as contas no libro maior, e dende a información que subministra este elabórase, no seu caso, o balance de comprobación de sumas e saldos (ver anexo 1), cuxo obxecto é verificar que o proceso contable realízase de forma correcta. A pesar de non ter o libro maior actualmente o carácter de libro obrigatorio, constitúe un paso previo e indispensable para a realización posterior do balance de comprobación e das restantes operacións de síntese contable.

Pola súa parte, mediante o balance de comprobación de sumas e saldos compróbase que as sumas do debe e do haber son iguais e coinciden (aínda que cos procedementos informáticos esta comprobación é automática), á súa vez, coas sumas do debe e do haber do libro diario. Na práctica adóitanse expresar ademais no balance de comprobación os saldos de cada unha das contas incluídas neste, o que dá lugar a que se teña unha información adicional que ademais permite verificar o equilibrio global daquelas.


O Código de Comercio require que as operacións se rexistren día a día, se ben admite a redacción de asentos mensuais de carácter global, sempre que os pormenores de ditos resumos aparezan debidamente detallados nos libros auxiliares. Así mesmo, lexislación contida no código de comercio establece a obrigatoriedade de elaborar, polo menos ao final de cada trimestre, un balance de comprobación de sumas e saldos, formando

parte do libro de inventario e contas anuais.

3 Peche ou cerre

A terceira fase pódese considerar a máis complicada de todo o ciclo. Debemos ter en conta que os feitos rexistrados ao longo do exercicio non son suficientes para reflectir a imaxe fiel do patrimonio, da situación económica financeira nin dos resultados, debido a que se producen circunstancias ou situacións que aínda non foron contabilizadas. Este proceso de acomodación da información contable elaborada ao longo do exercicio económico á realidade económica e xurídica do momento en que este conclúe coñécese coa denominación de "operacións de regularización anual das contas" e comprende as seguintes etapas:

- reclassificación: consiste en traspasar cantidades dunha conta a outra, cando os importes contabilizados nunha rúbrica determinada teñen unha significación que non se corresponde co título desta, que pode deberse á contabilización errónea, polo paso do tempo ou á variación das circunstancias que deron lugar á contabilización dun feito nunha determinada conta, etc. (préstamo a longo prazo pasa a ser un préstamo a curto prazo);
- regularización: trátase de determinar os distintos resultados obtidos. Haberá que proceder a axustar en primeiro lugar certas contas que inciden na determinación destes, tales son os casos de mercadorías se funciona polo procedemento especulativo. Isto ocasiona que as compras e vendas non se rexistren nas contas de existencias, senón en contas de compras e vendas. Por isto, o final do exercicio, o saldo de existencias non representa o prezo de adquisición ou custe de produción das existencias no almacén. Coa regularización de existencias conséguese que o saldo da conta, ao final do exercicio, represente este valor. Do mesmo xeito conséguese recoñecer contablemente a variación de existencias que permitirá calcular o resultado do exercicio. O funcionamento segundo o Plan Xeral de Contabilidade resúmense no seguinte esquema:



Os asentos contables que orixinará son os seguintes:

| | | |
|--|---|--|
| Variación de existencias | a | Existencias (por valor das existencias iniciais) |
| Existencias (por valor das existencias finais) | a | Variación de existencias |

- amortizacións e correccións valorativas: o valor reflectido contablemente pode non coincidir co valor real. Por unha parte, ao comprobar os datos contables co inventario se son distintos haberá que realizar un asento para adecualos, por outra, en aplicación dos principios contables e as normas de valoración haberá que realizar correccións valorativas de certos elementos ben polo desgaste producido polo proceso produtivo (amortizacións) ben por perdas reversibles (deterioración de valor subgrupo 69) ou mesmo perdas irreversibles (subgrupo 67, con aboamento á partida de activo que sufrise a devandita perda). Así mesmo, as últimas reformas mercantís e contables avanzaron no sentido de poder recoñecer valores máis próximos aos reais, aínda que signifiquen un maior valor patrimonial cando existe certa seguridade o respecto e coa restrición de que as plusvalías non realizadas non poden ser computadas para o reparto dos beneficios. Por tanto, as correccións de valor poden estar motivadas por razón moi diferentes, sendo unha posible clasificación a seguinte:

| Tipo de corrección de valor | Características | Tratamento contable |
|--|--|--|
| Perdas de valor de carácter irreversible | Sistemáticas por o uso | Amortización |
| | Non sistemáticas (esporádicas) | Baixa do elemento |
| Perdas de valor de carácter reversible | Pode cambiar de signo a valoración | Deterioro |
| Outros axustes de valor | Activos e pasivos, xeralmente con mercados regulados | Axustes no patrimonio neto e/ou no resultado do exercicio, segundo proceda |

As amortizacións teñen por obxecto reflectir a depreciación que por diferentes causas, experimentan os bens do inmovilizado, é dicir, son as perdas irreversibles que experimentan os elementos do inmovilizado de forma sistemática no tempo. Esas perdas prodúcense por diversas causas como son o paso do tempo, razóns técnicas e a obsolescencia.

Hai dous procedementos:

- amortización directa: consiste en cargar na conta da amortización o importe que se atribúa ao exercicio, con aboamento ás contas que corresponda do elemento

implicado. Vaise reducindo contablemente no activo do balance o saldo da conta correspondente;

- amortización indirecta: utilízase para o inmovilizado intanxible, material e investimentos inmobiliarios.

Para realizar o cargo utilízase as contas do grupo 6.

680 amortización do inmovilizado intanxible.

681 amortización do inmovilizado material.

682 amortización dos investimentos inmobiliarios.

O aboamento lévase ou reflicte nas contas compensadoras do subgrupo 28 que recollerán, de xeito acumulativo, as amortizacións anuais practicadas.

Valor neto do activo = valor contable - amortización acumulada.

As perdas reversibles, é dicir, que poden ter carácter meramente temporal, contabilízanse mediante o rexistro da deterioración de valor, recollidas a través do subgrupo 69.

Finalmente as perdas irreversibles, ou o que é o mesmo que revistan un carácter definitivo contabilízanse cargándose na conta a que correspondan, no subgrupo 67, con aboamento ás partidas do activo que sufrisen as devanditas perdas.

- periodificación: se nos baseamos no principio da devindicación, a imputación de ingresos e gastos deberá facerse en función da corrente real dos bens e servizos con independencia do momento en que se produza a corrente monetaria ou financeira dos mesmos (cobros e pagamentos).

Pode suceder con frecuencia que o ingreso ou gasto non se devindicase totalmente pero sen embargo si se produciu o cobro ou o pago, así como a súa contabilización. Neste caso haberá que regularizar para axustar o ingreso ou o gasto contabilizado pero que non se devindicou. Outra posibilidade é que o ingreso ou o gasto se devindicou durante o exercicio pero non se produciu o cobro ou o pago e en consecuencia na etapa de desenvolvemento non se realizou ningún asento ao respecto. En tal caso haberá que regularizar para reflectir o ingreso ou o gasto devindicado. O plan contén unhas contas específicas para a periodificación: 480 gastos anticipados; 485 ingresos anticipados; 567 intereses pagados por anticipado; 568 intereses cobrados por anticipado;

- cálculo do imposto de beneficios: o imposto sobre o beneficio é un gasto máis do exercicio no que se devindica. Como gasto que é atende o criterio da devindicación, con independencia de que poida ou non coincidir coa cota a pagar. A particularidade deste gasto é que o seu cálculo parte da previa regularización de todos os ingresos e gastos dos grupos 6 e 7, de tal forma que calquera modificación de algunha das ditas contas inflúe no resultado do imposto, así como na súa contabilización.

A problemática xorde cando non existe coincidencia entre o resultado contable e o resultado fiscal. O primeiro réxese por unha serie de criterios económicos, mentres que a base imponible ou resultado fiscal, se ben toma como base o resultado contable,

persegue uns fins de recadación que poden facer que o seu cálculo sexa outro;

- determinación do resultado do exercicio: unha vez realizados todos os axustes correspondentes ás fases anteriores, estamos en condición de determinar o resultado do exercicio. Cumprindo coas necesaria correlación de ingresos e gastos. Para isto, liquidamos as contas dos grupos 6, 7, 8 e 9.

A liquidación das contas dos grupos 6 e 7 permiten a determinación do saldo do resultado do exercicio, que formará parte do patrimonio neto. As compras de bens xunto con determinados os gastos e perdas do exercicio contabilízanse con cargo ás contas do grupo 6. As contas do grupo 6 presentan normalmente saldo debedor, se ben hai excepcións como "Rappels por compras" ou "Variación de existencias" cando as existencias finais son maiores que as existencias iniciais. As vendas pola súa parte, xunto con determinados ingresos e beneficios extraordinarios contabilízanse en contas do grupo 7. As contas do grupo 7 presentan normalmente saldo acreedor. Para a determinación do resultado trasládanse todas as contas de gastos e ingresos a unha única conta que é "perdas e ganancias". Unha vez feitos estes asentos todas as contas de gastos e ingresos quedarán pechadas. Os asentos tipo a realizar serían:

| | | |
|-------------------------------------|---|-------------------------------------|
| <u>Resultado do exercicio (129)</u> | a | <u>Contas de gastos (grupo 6)</u> |
| <u>Contas de ingresos (grupo 7)</u> | a | <u>Resultado do exercicio (129)</u> |

A continuación deben saldarse as contas de ingresos e gastos que se imputan directamente o patrimonio neto tal e como establece a normativa. Hai que ter en conta que a contrapartida de estas contas (grupos 8 e 9) está constituído por varias contas do patrimonio neto, todas elas están recollidas no subgrupo 13 subvencións, doazóns e axustes por cambios de valor. Neste caso os asentos tipo serían:

| | | |
|-------------------------------------|---|-----------------------------------|
| <u>Contas do subgrupo 13</u> | a | <u>Contas de gastos (grupo 8)</u> |
| <u>Contas de ingresos (grupo 9)</u> | a | <u>Contas do subgrupo 13</u> |

Deste xeito todas as contas dos grupos 6, 7, 8 e 9 estarán liquidadas e non aparecerán no asento de cierre, no que figurarán soamente as contas de balance. Os asentos anteriores servirán ademais como base para a confección da primeira parte do estado de cambios no patrimonio neto, denominada estado de ingresos e gastos recoñecidos que achegará unha información máis ampla que a do resultado de exercicio ao estar máis próxima ao beneficio económico que o resultado ofrecido na conta de perdas e ganancias;

- asento de cierre ou peche: Todos os asentos que se rexistraron no libro diario como consecuencia das operacións de regularización, serán traspasados ao libro maior, procedéndose a redactar un

balance final no que terán desaparecido as contas dos grupos 6, 7, 8 e 9.

O devandito balance, constitúe a expresión da situación patrimonial e financeira da empresa na data de peche do exercicio, é o que se incluíra nas contas anuais para os efectos da súa presentación ante terceiros.

Por último co fin de proceder ao peche de contas rexistrárase no libro diario o chamado asento de peche a través do cal se pechan todas as contas dos grupos 1 ao 5. O asento tipo será:

| | | |
|---|---|---|
| Contas con saldo acreedor, xeralmente de pasivo e neto | a | Contas con saldo debedor, xeralmente de activo |
|---|---|---|

Xa o último paso é o que ten por obxecto elaborar as contas anuais, as cales, comprenden o balance de situación, a conta de perdas e ganancias, o estado de cambios no patrimonio, o estado de fluxos de tesourería e a memoria. Tales documentos constitúen o vehículo a través do cal se comunica a información económica-financiera da empresa aos interesados nesta e segundo establece o plan xeral de contabilidade pode elaborarse segundo distintos modelos.

4 Libros de contabilidade

Entendemos por libro de contabilidade calquera elemento material no que se recompilan datos referidos á xestión da empresa. O concepto de libro de contabilidade inclúe non só os libros encadernados ou non, senón tamén as follas, fichas, etc., tanto se se levan manualmente como informaticamente.

O Código de Comercio no artigo 25 e seguintes fai referencia á obriga de levar contabilidade para todas as empresas de forma ordenada e por orde cronolóxica así como a elaboración periódica de balances e inventarios.

Os libros obrigatorios, segundo o Código de Comercio son o libro de inventarios e contas anuais e o libro diario. Ademais nas sociedades, o libro de actas nas sociedades mercantís, o libro de accións nominativas nas sociedades anónimas e sociedades comanditarias por accións e o libro de rexistro de socios nas sociedades de responsabilidade limitada. Os libros obrigatorios non impidan que as empresas poidan utilizar, ademais, os libros e rexistros que voluntariamente crean oportunos adoptar para rexistrar e recompilar as súas operacións.

Disposicións sobre libros e rexistros contables:

- toda empresa debe levar unha contabilidade;
- os libros obrigatorios deben legalizarse no rexistro mercantil (antes ou despois), nos libros tradicionais efectuarase poñendo, antes da súa utilización, no primeiro folio de cada un unha dilixencia e en todas as follas deste o selo do rexistro. Se se utilizan procedementos informáticos, as follas soltas legalizáronse e legalizan unha vez finalizado o exercicio económico;

- conservaranse os libros e comprobantes 6 anos a partir da data do último asiento contable;
- os asentos deben ser correlativos, sen espazos en branco, emendas nin riscaduras;
- os erros e as omisións contabilízanse no momento en que se advirtan;
- a contabilidade é secreta;
- obriga de formular as contas anuais unha vez finalizado o exercicio.

4.1 Libro diario (ver anexo 2)

O libro diario é un libro obrigatorio. Ten por obxecto rexistrar todas as operacións que afectan ao patrimonio da empresa. Estas operacións quedan reflectidas en forma de asiento e por orde cronolóxica segundo se vaian realizando.

Existen dous modelos o italiano (actualmente na práctica é debido o seu uso nos programas informáticos de contabilidade é o máis utilizado) e o americano (o utilizado en España cando a contabilidade se leva manualmente) pero en ambos os dous debe indicarse:

- o número de asiento;
- data da operación;
- contas afectadas e os importes correspondentes;
- explicación do feito contable.

4.2 Libro maior (ver anexo 3)

É un libro facultativo que agrupa por contas as operacións reflectidas no libro diario. Nel anótanse, seguindo a orde cronolóxica o libro diario, as variacións que afectan a cada conta da empresa e permite ver en calquera momento os movementos e o saldo de cada conta por separado.

O libro maior debe conter:

- data da operación;
- concepto da operación;
- número de asiento do diario;
- importes parciais do debe e do haber;
- importes totais do debe e do haber.

4.3 Libro de inventario e contas anuais

O libro de inventario e contas anuais é obrigatorio para as empresas, en primeiro lugar inscribírase o balance inicial = inventario inicial. Polo menos cada tres meses incorporaranse ao libro os balances de comprobación de sumas e saldos. Recolleranse tamén o inventario final e as contas anuais que, en xeral, comprenden balance, conta de resultados, estado de cambios no patrimonio neto, estado de fluxos de efectivo e memoria. As contas anuais deposítanse no rexistro mercantil e teñen acceso a estas calquera interesado.

ACTIVIDADES PROPOSTAS

Para impartir esta unidade didáctica vanse levar a cabo unha serie de actividades que pasamos a explicar.

Previamente, para que vexan o interese, a aplicación práctica e para motivar, imos formular na aula unha serie de cuestións sobre o alcance da contabilidade que permitan o debate. A cuestión central do mesmo será debater sobre a importancia do proceso contable da información correspondente a un exercicio económico, aplicando axeitadamente a metodoloxía contable e os criterios do plan xeral contable. Nese mesmo cuestionario pediráselle ao alumno que corrixa se é o caso cando a súa primeira resposta fose incorrecta, sempre deixando a resposta orixinal dada nun primeiro momento. O cuestionario será entregado ó profesor e servirlle tamén a este para valorar e comprobar os coñecementos previos cos que contan os alumnos.

Como xa se indicou o profesor procederá a explicar as cuestións máis teóricas nas clases expositivas, utilizarase como material básico fundamentalmente o material subministrado ao alumno (campus virtual, fotocopiadora). Acto seguido, nas sesións interactivas tentarase que o alumnado aplique e poña en práctica os conceptos teóricos. Para desenvolver estes contidos comentarase unha serie de exemplos e resolveranse unha serie de exercicios prácticos, tanto nas horas de clase como por conta do alumno. Nos distintos exemplos que se utilizaran para ilustrar o tema, de forma deliberada, apareceran as distintas fase ou etapas lo ciclo, co obxectivo de poder xerar debate na aula e opinións encontradas que incitarán a unha maior reflexión por parte do alumno. Os exercicios van consistir en que a partir dos datos obtidos das operacións máis correntes realizadas polas empresas siga as distintas fases que compoñen o ciclo contable.

AVALIACIÓN DA UNIDADE DIDÁCTICA

En xeral a avaliación da materia levarase a cabo (como se indica no programa) a través de dúas actuacións: avaliación continua e proba teórico-práctica final. A avaliación continua terá un peso do 30% na cualificación. Para superar a materia, deberase obter una cualificación de 5 puntos, dos cales polo menos 4 deberanse obter no exame teórico práctico.

Levarase a cabo ao comezo da unidade didáctica (inicial), ao longo do seu desenvolvemento (procesual) e ó seu remate (final).

Na primeira etapa realízase a avaliación inicial que tratará sobre os coñecementos previos dos alumnos para observar se estes son adecuados e suficientes. Para levar a cabo esta tarefa realizarase un debate aberto na clase o primeiro día.

A medida que se van impartindo as distintas sesión levaremos a cabo a avaliación procesual, o obxectivo é detectar as dificultades de aprendizaxe dos alumnos, e se fose o caso, introducir os axustes necesarios. Supervisarase os exercicios feitos na clase, os propostos para facer na casa.

A avaliación final levarase a cabo como se determina no programa da materia, que consistira nunha proba teórica-práctica final, na que se avaliará o dominio dos conceptos teóricos adquiridos así como a súa aplicación a casos prácticos, terá un peso de ata 7 puntos na nota final.

ANEXOS

Anexo 1. Balance de comprobación de sumas e saldos

| Conta | Balance de sumas | | Balance de saldos | |
|-------|------------------|-------------|-------------------|----------------|
| | Sumas debe | Sumas haber | Saldo debedor | Saldo acreedor |
| | | | | |

Anexo 2. Libro diario Modelo italiano

| Nº de asiento | Posición | Data | Nº de conta | Nome da conta | Debe | Haber | Explicación |
|---------------|----------|------|-------------|---------------|------|-------|-------------|
| | | | | | | | |

Modelo americano

| Debe | Nº de conta | Nome das contas e descrición | Nº de conta | Haber |
|------|-------------|------------------------------|-------------|-------|
| | | | | |

Anexo 3. Libro maior

| Número e nome da conta | | | | | |
|------------------------|----------|---------------|------|-------|-------|
| Fecha | Concepto | Nº de asiento | Debe | Haber | Saldo |
| | | | | | |

BIBLIOGRAFÍA

- TRIGUEROS PINA, J. A., SANSALVADOR SELLÉS, M. E., REIG MULLOR, J., GONZÁLEZ CARBONELL, J. F., CAVERO RUBIO, J. A. (2001): *Fundamentos y práctica de contabilidad*, Ed. Pirámide, Madrid.
- LARRÁN JORGE, M. (coordinador) (2009): *Fundamentos de contabilidad financiera*. Teoría y práctica. Ed. Pirámide, Madrid.
- WANDE-BERGHE LOZANO, J. L. (coordinador) (2008): *Contabilidad financiera. Nuevo plan general de contabilidad y de pymes*. Ed. Pirámide, Madrid.
- REAL DECRETO 1514/2007, do 16 de novembro, polo que se aproba o Plan xeral de contabilidade. Disponível en http://boe.es/boe_gallego/dias/2007/11/20/pdfs/A00003-00152.pdf [Consulta: 002/007/2011].
- REAL DECRETO 1515/2007, do 16 de novembro, polo que se aproba o Plan xeral de contabilidade de pequenas e medianas empresas e os criterios contables específicos para microempresas. Disponível en http://boe.es/boe_gallego/dias/2007/11/21/pdfs/A00003-00102.pdf [Consulta: 02/07/2011]




Unha colección orientada a editar materiais docentes de calidade e pensada para apoiar o traballo do profesorado e do alumnado de todas as materias e titulacións da universidade



Impreso en papel 100% reciclado e libre de cloro



SERVIZO DE NORMALIZACIÓN
LINGÜÍSTICA



9 788498 879681